



SINDICATO DE TRABALLADORAS E TRABALLADORES DO ENSINO DE GALIZA
www.steg.gal

SANTIAGO Avda de Coimbra 15, local; 15704 / tfno-fax: 981 580700
LUGO R/ Conde, 31, entrechán esquerda; 27003 / tfno-fax: 982 240066
OURENSE R/ Bedoya nº 5, 2º dereita; 32004 / tfno-fax: 988252323
PONTEVEDRA Praza Curros Enríquez, 1 oficina 201; 36202 / tfno-fax: 986 857545
A CORUÑA Avda. Joaquín Planells, s/n, Local 1752; 15007 / tfno-fax: 670 256956

A/A DO SUBDIRECTOR XERAL DE RRHH. DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U.

D _____, con DNI _____ e domicilio a efectos de notificación en **Avda de Coímbra, 15, baixo, 15704, Santiago de Compostela**, en representación do **STEG-Sindicato de traballadoras e traballadores do ensino de Galiza**,

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 20/11/2015 13:38:56

ENTRADA 174312 / RX 2350220



EXPÓN

Que a día de hoxe existe confusión no seo da comunidade docente ao respecto do permiso de tres días por enfermidade leve que se recollía no artigo 12 da ORDE do 7 de abril de 2008 pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente, no que dicía textualmente que: “Quedarán xustificadas por esta epígrafe as ausencias por indisposicións ou enfermidades leves non superiores a tres días cando se achegue a pertinente xustificación documental”.

Que na lei 2/2015 do emprego público de Galicia se recolle na súa disposición derogatoria 1ª.2: “Mantén a súa vixencia no que non resulte incompatible con esta lei e co Estatuto básico do empregado público a normativa de desenvolvemento da lexislación da función pública de Galicia, mentres non entren en vigor as disposicións de desenvolvemento da presente lei que a substitúan”

Que no STEG entendemos que segundo esa disposición derogatoria continúa vixente o último parágrafo do artigo 12 da orde do 7 de abril do 2008, xa que non resulta incompatible co recollido no 117 da Lei 2/2015, e que o persoal docente pode seguir a xustificar as ausencias non superiores a tres días por indisposicións ou enfermidades leves

Que temos coñecemento de que existiron nas pasadas semanas diferentes criterios a aplicar sobre este asunto en particular, dependendo do inspector/a do centro, ou da provincia

Polo anteriormente exposto,

SOLICITA

Que se permita ao persoal docente seguir xustificando as ausencias non superiores a tres días por enfermidades e indisposicións leves, en virtude do artigo 12 da orde do 7 de abril do 2008, mentres non se desenvolva normativamente a lei 2/2015, tal e como se recolle na disposición transitoria 1ª; **e que se aplique este criterio á totalidade dos centros docentes** non universitarios dependentes desta Administración.

En Santiago, a 20 de novembro do 2015



En representación do SN do STEG